

A CIG-Ensino alerta de que a redución horaria non está garantida e denuncia que o texto empeorou a respecto do inicialmente negociado

O proxecto de Lei depende agora da aritmética parlamentaria, na que pode sufrir atrasos, emendas ou mesmo decaer se non reúne apoios suficientes.



A CIG-Ensino chama a non xerar falsas expectativas xa que a aprobación hoxe no Consello de Ministros da chamada Lei de mellora das condicións para o desempeño da docencia non resolve nada por si só.

Tras a paso dado polo Goberno o texto remitirase ás Cortes, polo que o proceso non fai máis que entrar nunha nova fase: a parlamentaria. Será no Congreso e posteriormente no Senado onde se verá se esta norma sae adiante, con que contido e en que prazos. Só despois de completar todo ese percorrido poderá converterse en Lei e publicarse no BOE.

A situación parlamentaria, ademais, pode facer que esta lei nin sequera chegue a aprobarse xa que o Goberno non ten garantidos os apoios necesarios. Non se trata, pois, dun trámite automático. De feito,

nesta mesma lexislatura xa vimos como varias iniciativas do Executivo decaeron e ese precedente deixa claro que, sen unha maioría suficiente, tamén esta norma pode ser atrasada, modificada durante a tramitación ou directamente bloqueada antes de converterse en Lei.

A este respecto será interesante comprobar cal vai ser a posición do PP, tanto no sentido do seu voto como nunha posíbel estratexia de ralentización dos trámites de debate e votación no Senado, onde xa ten demostrado en moitas ocasións como facer uso dunha institución para obstaculizar a aprobación dunha norma que, no caso de saír rexeitada pola maioría absoluta do PP no Senado, debería voltar ao Congreso, procurando poñer paus nas rodas para a súa entrada en vigor para o próximo curso.

Un texto peor do negociado e insuficiente para recuperar dereitos

A situación é aínda máis grave porque o texto que chega a esta fase empeorou con respecto ao que saíra dos grupos de traballo do Ministerio e do Consello Escolar do Estado. A CIG-Ensino xa denunciou que, tras o paso pola Conferencia Sectorial e a volta á Mesa Docente estatal, o documento incorporou dúas novidades especialmente negativas: por unha banda, deixa a dotación de recursos para a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais condicionada á dispoñibilidade orzamentaria; por outra, introduce para a Formación Profesional a chamada distribución irregular da xornada lectiva, abrindo a porta a que se poidan superar en determinados momentos do curso incluso as 20 horas lectivas.

O sindicato xa deixou claro na Mesa Docente Estatal a súa posición en canto ao texto do Proxecto de Lei e a reivindicación en canto ao horario segue a ser clara: volver ás 21 horas lectivas en Infantil, Primaria e Educación Especial e ás 18 horas nas restantes ensinanzas.

A inacción da Consellaría fronte ás demandas do profesorado

A CIG-Ensino lamenta tamén que as poucas melloras que poderían chegar para o profesorado no vindeiro curso, e sempre condicionadas a que a Lei sexa finalmente aprobada, veñan pola iniciativa do Ministerio e non pola vontade da Consellaría. A normativa básica estatal fixa topes, pero as comunidades autónomas teñen capacidade para mellorar as condicións laborais do profesorado e reducir os horarios por baixo deses máximos. En vez diso, o Goberno galego continúa sen dar resposta ás reivindicacións do profesorado malia

RECTIFICAR
RECUPERAR
RECOÑECER

A CONSELLARÍA DEBE RECTIFICAR
O PROFESORADO MERECE RECUPERAR
A CONSELLARÍA DEBE RECOÑECER

CIG
Confederación Interindustrial Galega
ENSINO

Reserva praza!

Folga Xeral!

28 de abril

Manifestación Nacional ás 12 horas desde a Alameda

#ProfesoradoEnLoita

as mobilizacións e xornadas de folga desenvolvidas neste curso.

Por iso, a CIG-Ensino continuará esixindo da Consellaría que exerza dunha vez as súas responsabilidades. **A folga convocada para o vindeiro martes 28 de abril** será unha nova ocasión para demostrar que o profesorado galego está farto do deterioro das súas condicións de traballo e que reclama medidas inmediatas porque o paso de hoxe nin resolve nada nin pode servir de escusa para seguir sen tocar horarios e ratios no país.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 a Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 a Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal